



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería e Recadación

Ingreso en voluntaria de taxas de mercados municipais e quioscos do 2º trimestre de 2020

ANUNCIO

INGRESO EN VOLUNTARIA DE TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS E QUIOSCOS DO 2º TRIMESTRE DE 2020

Por Resolución do Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 11/12/2020, estableceuse o prazo de ingreso en voluntaria das Taxas por prestación de servizos, en Mercados municipais e ocupación de terreos de uso público con Quioscos, 2º trimestre do 2020, de acordo co seguinte:

CONCEPTO	PERÍODO	PRAZO DE INGRESO
Taxas por prestación de servizos en Mercados municipais e por ocupación de terreos de uso público con Quioscos.	2º trimestre/2020	Dous meses, contados a partir da publicación no BOP do edicto de cobranza

Os obrigados ó pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de:

CAIXA MUNICIPAL, sita na r./Franxa 20 Baixo, de 8:00 a 14:00 horas (de luns a venres)

ENTIDADES COLABORADORAS: De 8:30 a 14:00 horas (de luns a venres)

ABANCA

BANCO SANTANDER

BANCO SABADELL

CAIXABANK

BANCO PASTOR

BBVA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e 38 e seguintes da citada Ordenanza Xeral de Recadación Municipal, publicada no BOP nº 250 de 31 de decembro de 2015, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria:

A Coruña, a 14 de decembro de 2020

O CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

José Manuel Lage Tuñas

2020/9506